

O calendario

O Calendario galego ou nacional de atletismo (tamén denominado Calendario FGA ou RFEA), é o conxunto de competicións programadas, autorizadas pola FGA ou RFEA, que está previsto que se celebren en Galicia ou resto de España durante a tempada deportiva (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, coincidente co ano natural).

O Calendario RFEA ou FGA conterá a denominación de cada competición e as especialidades deportivas, sub-especialidades deportivas e disciplinas atléticas que a integren, así como o lugar e data de celebración. A inclusión dunha competición no Calendario FGA ou RFEA xerará os dereitos, vantaxes, obrigas e responsabilidades previstos no presente Regulamento e demais normas da FGA ou RFEA, sen prexuízo das previstas pola lexislación vixente.

O Calendario galego de atletismo será aprobado anualmente pola Asemblea Xeral da FGA, tendo competencia a Comisión Delegada para facer os cambios necesarios ou incorporacións de novas probas. Corresponde á Xunta Directiva da FGA aprobar as sedes de celebración dos Campionatos de Galicia.